

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO  
CONCELLO O DÍA 10 DE XULLO DE 2006**

**CONCORRENTES**

**Presidente:**

Don Juan Antonio Maceiras Barros (CIM)

**Concelleiros**

Don Jesús Veiga Sabín (PP)

Don José Manuel Rodríguez Vidal (CIM)

Don Juan José Herva Mallo (PP)

Dona María Rosario Manso López (CIM)

Don Luis Purriños Pena (CIM)

Don José Paz Tenreiro (PP)

Don Manuel José Pérez Martínez (PP)

Don José María Laya Carril (CIM)

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado (BNG)

Don Antonio Cortizas Rodríguez (PSOE)

**Secretario:**

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás trece horas e cinco minutos do día dez de xullo de dous mil seis, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública extraordinaria.

Preside o alcalde don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten os seguintes concelleiros: don Jesús Veiga Sabín; dona María Rosario Manso López; don Juan José Herva Mallo; don José Manuel Rodríguez Vidal; don Luis Purriños Pena; don José María Laya Carril, don José Paz Tenreiro, don Manuel José Pérez Martínez, don Miguel Anxo Abreira Sobrado e don Antonio Cortizas Rodríguez.

Non asisten os concelleiros don Eva Mª Vilariño González e don Antonio Medín Pena.

Dá fe do acto, o secretario don Francisco Mateos Sastre.

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-** Aberta a sesión pola Presidencia e non habendo observacións á acta da sesión anterior correspondente ao día 3 de xullo de 2006, queda aprobada por unanimidade.

**2.- PREGO CONDICIÓNS ADXUDICACIÓN DE CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DAS CAFETERÍAS – BARES NA PRAIA GRANDE DE MIÑO.-** Dada conta do expediente incoado para a adxudicación da construción, xestión e posterior explotación de tres cafeterías – bares na praia grande de Miño, unha vez otorgada a este Concello a correspondente concesión polo Ministerio de Medio Ambiente.

Visto o prego de condicións económico – administrativas e os informes favorables, o Pleno do Concello, co voto en contra do concelleiro do BNG Sr. Abreira Sobrado, ca abstención dos concelleiros Sres. Cortizas Rodríguez e Laya Carril e o voto favorable dos oito membros restantes da Corporación Municipal que asisten á sesión, acordan:

1. Declarar de tramitación ordinaria, procedemento aberto e concurso público o expediente de contratación, condicionado a obter previamente do Ministerio do Medio Ambiente, a concesión demanial a este Concello por parte do Ministerio do Medio Ambiente, como titular dos bens a ocupar.
2. Aproba-lo prego de condicións económico – administrativas que rexirán neste concurso.
3. Expoñer ó público o prego de condición durante o prazo de oito días no BOP para que poidan presentarse reclamacións, anunciando ó mesmo tempo o comezo, que se aprazará si resulta necesario no suposto de que se formulen reclamacións contra os pregos de condicións, ata que se resolvan pola Corporación, segundo establece o art. 122 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril.

O concelleiro do BNG Sr. Abraira Sobrado manifestou que as cafeterías non deberían saír xuntas ó concurso que foran separadas para que puidera concursar algún veciño de Miño.

A Presidencia respóndelle que esto xa o pensaran, pero o que se pretende é que estas cafeterías aporten algo para mellora-lo turismo no municipio e a nosa experiencia cos veciños de Miño, desgraciadamente e bastante frustrante neste aspecto e entendemos que gañaríamos si a tipoloxía constructiva é a mesma para as tres cafeterías e o custo de construción rebaixaríase, xa que noutro concurso para adxudicar un soamente similar, solamente se presentou unha oferta.

O concelleiro Sr. Abraira replica que o que se saque por separado non exclúe que o adxudicatario sexa o mesmo, contestando a Presidencia que o que se busca e aforrar nos proxectos, xa que e moita a inversión, para o tempo de concesión.

Sometido a votación o asunto dou o resultado sinalado anteriormente.

Non sendo outro o asunto da sesión, a Presidencia levántaa ás trece horas e vinte minutos redactándose a presente acta, do que eu, o secretario, dou fe.

O presidente,

O secretario,